

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE MARZO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 2, 9, 16 e 23 de febreiro de 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela sita no núcleo rural de Taboeiro en catro parcelas (exp. 2021/Y005/000014); para construción de vivenda unifamiliar na urbanización sector Norte I, parcela 2 e (exp. 2020/Y001/000126) e para construción de nova edificación na avda. Marqués de Ombreiro, número 115 (exp. 171/19).

Acórdase denegar a licenza urbanística para reforma instalación de ascensor na rúa Montero Ríos, número 14 (exp. 2019/Y001/000031).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para construción dun edificio industrial para albergar unha central de produción térmica centralizada de auga quente para calefacción, con previsión para unha dotación de catro caldeiras de biomasa e dúas de gas natural, na avda. Benigno Rivera, número 36 (exp. 2021/Y001/000157).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación do servizo de recollida de residuos (fracción resto, fracción orgánica, fraccións selectivas), xestión do punto limpo e limpeza viaria. exp. ref. 2020/C003/00037.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1594788663813260360.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-3-2022

Tamén se acorda a aprobación definitiva de expediente de modificación do contrato do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo., por incremento de horas de prestación do servizo (exp. 2018-72- Tecol: 2022/C003/000002).

Así mesmo, acórdase aprobación das bases reguladoras do procedemento e das condicións da concesión no procedemento para a concesión do uso privativo da parcela municipal número 52 do polígono 374 en Teixeira para circuito de motocross.. Exp. ref. 2022-C005-000002.

Acórdase a adxudicación na contratación dos servizos complementarios e de colaboración á xestión recadatoria municipal en período executivo e para a xestión administrativa e recadación das multas de tráfico en período voluntario e en período executivo e outras sancións. Exp. ref. 2021/C003/000023.

3. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2020).

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico de xestión da escala de administración xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2020).

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

4. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a resolución do contrato de alugamento para uso de vivenda de propiedade do Concello de Lugo, sita na rúa Fontaneira 2, 5º D.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.